Visto o expediente para outorgamento de autorización administrativa e aprobación do proxecto de execución das instalacións eléctricas que a seguir se cita:

- Solicitante: CONSTRUCCIÓNS VILAMIÑO SA

- Domicilio Social: ESTRADA DA CORUÑA, 132, 27080 LUGO

- Denominación: CT PARA ALIMENTACIÓN DE EDIFICIO DE 172 VIVENDAS

- Situación: CONCELLO DE LUGO

- Características Técnicas:

CT en edificio non prefabricado ubicado no baixo dun edificio na Avda Paulo Fabio Máximo- Avda da Coruña cunha potencia proxectada de 630 kvas, no cal se instalan dúas celdas de liña e unha de protección, relación de transformación 20.000/400-230V.

Cumpridos os trámites ordenados na Lei 54/1997 do 27 de novembro, e no Real Decreto 1955/2000, do 1 de decembro (BOE nº 310), polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, esta Xefatura Territorial **resolve**:

Autorizar e aprobar o proxecto de execución das devanditas instalacións, cuxas características se axustaran en todas as súas partes ás que figuran nel e ás condicións técnicas e de seguridade establecidas nos regulamentos de aplicación e nos condicionados establecidos polos ministerios, organismos ou corporacións que constan no expediente, independientemente das autorizacións, licencias ou permisos de competencia municipal, provincial ou outros necesarios para a realización das obras das instalacións autorizadas.

Contra esta resolución poderase interpor recurso de alzada ante o conselleiro de Economía e Industria no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución; tamén se poderá interpor calquera outro recurso que se considere pertinente.

Lugo, 18/ de xullo de 2012. O xefe territorial. Por ausencia: A xefa do Servizo de Enerxía e Minas: Mª Aurora Belén Miragaya Sánchez

R.3431

---

# EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

## SECCIÓN DE ACTAS

*Anuncio*

O Pleno da Excma. Deputación Provincial de Lugo en sesión ordinaria celebrada o dia vinte e seis de xuño de dous mil doce, adoptou o acordo de aprobación do Plan Económico Financeiro para o periodo 2012-2013. O dito Plan foi obxecto de aprobación definitiva por Resolución da Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro da Xunta de Galicia de data 20 de xullo de 2012.

O que se fai público para os efectos do establecido no artigo 23.4 da Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; encontrándose o devandito Plan Económico Financeiro para o periodo 2012-2013 a disposición do público nas dependencias do Servizo de Contabilidade e Contas da Excma. Deputación Provincial de Lugo.

Lugo, 7 de agosto de 2012.- **O PRESIDENTE**, José Ramón Gómez Besteiro. **O SECRETARIO EN FUNCIÓNS**, Manuel Castiñeira Castiñeira.

R.3432

---

# CONCELLOS

## BARREIROS

*Anuncio*

En cumprimento do disposto nos artigos 36,b). 3 do Real Decreto 2816/1982, de 27 de agosto, polo que se aproba o Regulamento de Espectáculos Públicos e Actividades Recreativas e no punto 2.3.5. do anexo ó Decreto 292/2004, de 18 de novembro, polo que se aproba o Catálogo de Espectáculos Públicos e Actividades Recreativas da Comunidade Autónoma de Galicia e do Decreto 292//2004, de 18 de novembro, sometese a información pública o expediente que se tramita a instancia de Antonio Rodríguez Franco, para as obras dun Comedor Colectivo, a situar en Lugar de Novas, 13, San Xusto de Cabarcos.

Durante o prazo de dez días, a contar dende o seguinte á inserción deste edicto no BOP, o expediente estará a disposición do público na Oficina Técnica do Concello de Barreiros, a fin de que todas aquelas persoas que se consideren afectados pola actividade podan examinalo e presentar as alegacións ou observacións que teñan por convinte.

Barreiros, un de agosto de dous mil doce. O Alcalde.: Jose Alfonso Fuente Parga

R.3433

---

*Anuncio*

O Pleno do Concello de Barreiros, en sesión ordinaria celebrada o día 30 de xullo de 2012, acordou a aprobación inicial do expediente de modificación de créditos n.º 1/2012 do Orzamento en vigor na modalidade de suplemento de créditos e crédito extraordinario, co seguinte resumo por capítulos:

**Estado de Gastos**

| CAPÍTULO | CONSIGNACIÓN INICIAL | CONSIGNACIÓN DEFINITIVA |
|---|---|---|
| 0 | 0 | 75.000 |
| 2 | 1.410.520 | 2.941.917,33 |
| 6 | 969.800 | 1.032.741,04 |

**Estado de Ingresos**

| CAPÍTULO | CONSIGNACIÓN INICIAL | CONSIGNACIÓN DEFINITIVA |
|---|---|---|
| 9 | 0 | 2.429.855,45 €. |

E en cumprimento do disposto no artigo 169.1 por remisión do 177.2 do Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, sometese o expediente a exposición pública polo prazo de quince días a contar dende o día seguinte á publicación deste anuncio no *Boletín Oficial da Provincia de Lugo,* para que os interesados podan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Se transcurrido dito prazo non se tivesen presentado alegacións, consideraráse aprobado definitivamente dito Acordo.

Barreiros, un de agosto de dous mil doce. O Alcalde.: Jose Alfonso Fuente Parga

R.3435

---

## COSPEITO

*Anuncio*

Dando cumprimento ao establecido no artigo 44.2 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, publícase o ditado literal da Resolución da Alcaldía do Concello de Cospeito:

"**RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA**

DON ARMANDO CASTOSA ALVARIÑO, ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE COSPEITO, LUGO:

O Sr. Alcalde presidente do concello de Cospeito, Don Armando Castosa Alvariño, ausentarase deste termo municipal por disfrute das vacións estivais, durante os días 1 de agosto de 2012 ao 23 de agosto de 2012, ámbolos dous inclusive.

Considerando o establecido no artigo 23.3 da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das bases do Réxime Local polo que os tenentes de alcalde substitúen pola súa orde ao alcalde nos casos de vacante, ausencia e enfermidade, así como o establecido nos artigos 44 e 47 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro.

Considerando o establecido na Resolución de alcaldía de 17 de xuño de 2011 que literalmente establece:

"**PRIMEIRO**.- Nomear como tenentes de alcalde ós seguintes concelleiros e na orde que se determina:

Primeiro tenente de alcalde: Don Fernando Carballeira Rábade.

Segundo tenente de alcalde: Don Daniel Paz Carballeira.

Terceiro tenente de alcalde: Dª Natividad Miguélez Castro.

Cuarto tenente de alcalde: Dª Rocío García Corbelle.

**RESOLVO**:

**PRIMEIRO**.- Designar como substituto nas funcións de alcaldía durante os días 1 a 12 de agosto en ausencia do Sr. Alcalde, ao Segundo Tenente de Alcalde Don Daniel Paz Carballeira, debido a ausencia no mesmo período do Primeiro Tenente de Alcalde Don Fernando Carballeira Rábade.

**SEGUNDO.**- Designar como substituto nas funcións de alcaldía durante os días 13 a 23 de agosto en ausencia do Sr. Alcalde, ao Primeiro Tenente de Alcalde Don Fernando Carballeira Rábade.

**TERCEIRO**.- Publicar este decreto no Boletín Oficial da Provincial de Lugo, de acordó co previsto no artigo 44.2 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro.

**CUARTO.**- Dar conta de este decreto ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre consonte ao previsto na normativa vixente.

O manda e asina o Sr. Alcalde, D. Armando Castosa Alvariño, en Cospeito, a 31 de xullo de 2012; do que eu, como Secretaria Municipal dou fe."

Don Armando Castosa Alvariño, Alcalde-Presidente. Dona Ana Ramos Ramos, Secretaria Xeral (Asina ós efectos do artigo 2 do RD 1174/1987)"

Cospeito, 31 de xullo de 2012. O Alcalde.: Don Armando Castosa Alvariño.

R.3436

---

*Anuncio*

**APERTURA DE INFORMACIÓN PÚBLICA**

**LICENZA MUNICIPAL PARA ACTIVIDADE SOMETIDA A AVALIACIÓN DE INCIDENCIA AMBIENTAL**

Solicitada por Dª Teresa Vázquez Gil, licenza municipal para a instalación da actividade de fosa de xurro, sometida a avaliación de incidencia ambiental, que se desenvolverá no lugar de Lamela da parroquia de Goá deste termo municipal, neste Concello tramítase o oportuno expediente.

En cumprimento do disposto no artigo 8 do Decreto 133/2008, de 12 de xuño, polo que se regula a Avaliación de Incidencia Ambiental, procédese a abrir período de información pública, mediante anuncio no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial da Provincia, por período de vinte días *-que empezará a contarse dende o día seguinte ao da última publicación-,* para que todos aqueles que se consideren afectados por dita actividade, poidan examinar o expediente, que se atopa a súa disposición na Secretaria municipal, e formulen por escrito reclamacións ou observacións, se o estiman oportuno.

En Cospeito, a 30 de xullo de 2012. O Alcalde, Asdo.: Armando Castosa Alvariño

R.3437

---

*Anuncio*

**DE APERTURA DE INFORMACIÓN PÚBLICA**

**LICENZA MUNICIPAL PARA ACTIVIDADE SOMETIDA A AVALIACIÓN DE INCIDENCIA AMBIENTAL**

Solicitada por D. Pablo Carreiras Pérez en representación de Ganadería Carreiras S.C., licenza municipal para a instalación da actividade de nave explotación, fosa de xurro, reforma e ampliación zona de recría, sometida a avaliación de incidencia ambiental, que se desenvolverá no lugar de Pedo da parroquia de Santa Cristina deste termo municipal, neste Concello tramítase o oportuno expediente.

En cumprimento do disposto no artigo 8 do Decreto 133/2008, de 12 de xuño, polo que se regula a Avaliación de Incidencia Ambiental, procédese a abrir período de información pública, mediante anuncio no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial da Provincia, por período de vinte días *-que empezará a contarse dende o día seguinte ao da última publicación-,* para que todos aqueles que se consideren afectados por dita actividade, poidan examinar o expediente, que se atopa a súa disposición na Secretaria municipal, e formulen por escrito reclamacións ou observacións, se o estiman oportuno.

En Cospeito, a 27 de xullo de 2012. O Alcalde, Asdo.: Armando Castosa Alvariño

R.3438

---

## FOZ

*Anuncio*

MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ENSINO NA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA

En sesión celebrada polo Concello Pleno o día 26 de xullo de 2012 aprobouse con carácter provisional a modificación das seguintes ordenanzas fiscais:

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ENSINO NA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA.

O procedemento sométese ao trámite de información pública por un prazo de trinta días dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

De conformidade co artigo 17.3 do Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, se non se presentan reclamacións entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de novo acordo plenario, e procederase á súa publicación, xunto co texto íntegro das modificacións, no BOP non entrando en vigor ata que esta teña lugar.

Foz, 03 de agosto de 2012. O Alcalde, Asdo.: Javier Jorge Castiñeira

R.3439

---

## GUITIRIZ

*Anuncio*

A Xunta de Goberno Local extraordinaria de data 3/08/2012 aprobou con carácter de urxencia o expediente de contratación de "Subministración de maquinaria para o servizo de mantemento de espazos públicos (tractor, desbrozadora e remolque)", conforme aos seguintes datos:

1. Entidade adxudicadora: Datos xerais e datos para a obtención da información:
   a) Organismo: Concello de Guitiriz
   b) Dependencia que tramita o expediente: Secretaría
   c) Obtención de documentación e información:
      1) Dependencia: Secretaría.
      2) Domicilio: Rúa do Concello, nº4
      3) Localidade e código postal: Guitiriz, 27300
      4) Teléfono: 982370109
      5) Telefax: 982372178
      6) Correo electrónico: info@concellodeguitiriz.com
      7) Enderezo de Internet do perfil do contratante:www.concellodeguitiriz.com

2. Obxecto do Contrato:
   a) Tipo: Subministración
   b) Descrición: "Subministración de maquinaria para o servizo de mantemento de espazos públicos (tractor, desbrozadora e remolque)"
   c) División por lotes e número de lotes/número de unidades: Non
   d) Lugar de execución/entrega: Nave do SEMPA
      1) Domicilio: Rúa Santiago Vallejo, nº42
      2) Localidade e código postal: Guitiriz, 27300
   e) Prazo de execución/entrega: 2 meses, máis 1 mes a matriculación.
   f) Admisión de prórroga: Non

3. Tramitación e procedemento:
   a) Tramitación: Tramitación de urxencia
   b) Procedemento: Aberto
   c) Poxa electrónica: Non
   d) Criterios de adxudicación:

   Criterios cuantificables automaticamente: 6 puntos.

1. Prazo de entrega (ata 3 puntos).

2. Prazo de garantía (ata 3 puntos).

Criterios cuxa ponderación dependa dun xuízo de valor: 6 puntos.

3. Características técnicas (ata 3 puntos).

- as características técnicas e funcionais do tractor que melloren as condicións mínimas establecidas no prego de prescricións técnicas, ou cumpran condicións accesorias do mencionado prego (de 0 a 2,30 puntos).
- as características técnicas e funcionais da desbrozadora que melloren as condicións mínimas establecidas no prego de prescricións técnicas (de 0 a 0,60 puntos).
- as características técnicas e funcionais do remolque que melloren as condicións mínimas establecidas no prego de prescricións técnicas (de 0 a 0,10 puntos).

4. Outras melloras adicionais que oferten os licitadores (ata 3 puntos). As melloras deberán estar directamente relacionadas co obxecto do contrato:

- servizo posventa.
- servizo de mantemento e reparacións de avarías.

4. Valor estimado do contrato: 81.211,23 euros e 14.618,02 euros de IVE

5. Garantías esixidas: Garantía definitiva: 5% do importe de adxudicación sen IVE.

6. Requisitos específicos do contratista:

a) Clasificación: Non
b) Solvencia económica e financeira e técnica e profesional: Sí.
c) Outros requisitos específicos: Non

7. Presentación de ofertas e apertura de ofertas:

a) Data límite de presentación: 8 días naturais dende a publicación do anuncio no BOP. Se o último día fose inhábil ou festivo, o último día será o día hábil seguinte.
b) Apertura de ofertas: O día hábil seguinte.

8. Gastos de Publicidade: A cargo do contratista.

9. Mesa de contratación: Si, publícase a súa composición no perfil do contratante.

Guitiriz, 3 de agosto de 2012. O alcalde. Xosé Mª Teixido Núñez

R.3440

---

## MONFORTE DE LEMOS

*Anuncio*

Aprobada inicialmente polo Pleno da Corporación, na súa sesión ordinaria de data 1 de agosto do 2012, O Regulamento de Xestión de Residuos Industriais do Concello de Monforte de Lemos mediante o presente anuncio iníciase o trámite de información pública por un prazo de trinta días hábiles, contados dende o seguinte ao da publicación do mesmo no Boletín Oficial da Provincia, durante os cales, poderán presentarse reclamacións e suxerencias. Transcorrido dito prazo sen que se teñan formulado reclamacións ou suxerencias, entenderase definitivamente adoptado o acordo de aprobación, ata entón provisional, sen necesidade de adoptarse novo acordo expreso, de conformidade co disposto no artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de Abril, Reguladora das Báses de Réxime Local.

En Monforte de Lemos a 3 de agosto do 2012. O Alcalde. Asdo: Severino Rodríguez Díaz

R.3442

---

*Anuncio*

O Pleno da Corporación en sesión ordinaria celebrada o día 1 de agosto do 2012, prestou aprobación provisional o rueiro municipal, do seguinte xeito: Regularizar o trazado da vía CAMIÑO DAS CORTIÑAS, DISTRITO 1, SECCION 7 e Nova denominación da vía CAMIÑO DO BUFO.

De acordo co artigo 9 da Ordenanza municipal reguladora da denominación e rotulación das vías públicas e da numeración de edificios, expónse ao público por un prazo de vinte días, durante os cales os interesados poderán presentar as alegacións ou obxeccións que estimen oportunas que haberán de ser atendidas e resoltas antes da aprobación defnitiva. No caso de que non se presentasen reclamacións no prazo de información pública, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.

Monforte de Lemos ,a 3 de agosto do 2012. O ALCALDE. Firma ilegible.

R.3443

---

## MONTERROSO

*Anuncio*

Información pública –

DECRETO.- Monterroso, 2 de agosto de 2012.

Rematada a cualificación final das aspirantes e á vista das actas e os resultados emitidos polo Tribunal cualificador das probas selectivas celebradas, así como a acta do tribunal de 31 de xullo de 2012, no concurso oposición, para o acceso a unha praza de Mestre de Educación Infantil vacante no cadro de persoal laboral deste Concello, convocada e publicada no BOE de 12 de marzo de 2012,

No uso das atribucións que me confire a Lei Reguladora de Bases de Réxime Local, RESOLVO

Primeiro: Facer pública a relación dos aspirantes aprobados no referido procedemento selectivo de mestre de educación infantil, dentro do cadro de persoal laboral fixo deste Concello, de conformidade coa base novena das bases que rexeron o proceso selectivo (publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo número 31 de 7 de febreiro de 2012):

Dona Isabel Vázquez Vázquez, titular do DNI 33.349.273-D

Segundo.- A opositora aprobada, de conformidade coa base décima das que rexeron o concurso oposición, deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello de Monterroso, ou en calquera das formas previstas no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, no prazo de vinte días naturais contados dende o seguinte a aquél no que se publique a relación de aprobados no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, os seguintes documentos acreditativos das condicións de capacidade e demáis requisitos esixidos na convocatoria:

a) Fotocopia compulsada do DNI.

b) Fotocopia compulsada do título académico esixido na respectiva base específica, ou, no seu defecto, o xustificante de ter aboado os dereitos para a súa expedición. Se estes documentos estivesen expedidos despois da data de remate do prazo de presentación das solicitudes de admisión ás probas selectivas, deberán xustificar debidamente o momento de remate dos estudos correspondentes.

c) Declaración xurada de non ter sido separado mediante expediente disciplinario de ningunha Administración Pública, nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.

d) Declaración xurada de atoparse incurso en ningunha causa de incompatibilidade ou incapacidade de conformidade coa lexislación vixente e referida ó momento da súa toma de posesión.

e) Certificación médica oficial acreditativa de non padecer enfermidade ou eiva física ou psíquica que imposibilite o normal exercicio da súa función.

A non presentación dentro do prazo fixado da documentación esixida nesta base, e agás nos caso de forza maior, ou cando do exame da mesma se dedúza que carecen dalgún dos requisitos sinalados nas bases, non poderán ser contratados e quedarán anuladas as actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que incorreran por falsidade na solicitude de participación

Terceiro.- Contra esta resolución poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo nun prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ó da publicación no Boletín Oficial da Provincia, o cal pon fin á vía administrativa (artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo), ante o Xulgado do Contencioso Administrativo (artigo 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo) de Lugo, ou, a elección do demandante, ante aquél na circunscrición do cal teña o demandante o seu domicilio, cando o recurso teña por obxecto actos de materia de persoal, propiedades especiais e sancións (artigo 14 da Lei 19/1998, do 13 de xullo). Malia o anterior, e con carácter previo, contra a presente resolución poderá interpoñerse o recurso potestativo de reposición previsto no artigo 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, no prazo de UN MES, contado así mesmo dende o día seguinte ó da publicación no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo de que poida interpoñerse calquera outro recurso ou reclamación que se estime conveniente ó seu dereito.

Monterroso, 3 de agosto de 2012. O 1º Tte Alcalde por delegación (Decreto 13/07/12). Asdo: José Antonio Rodríguez Guerra

R.3444

---

## *Anuncio*

Información pública

O Pleno deste Concello con data 26/07/12 acordou aprobar inicialmente a modificación da ordenanza fiscal reguladora do imposto de construcións, instalacións e obras. O referido acordo exponse ó público polo prazo de trinta días hábiles, contados a partir do seguinte ó da publicación deste edicto no BOP, ós efectos de que os interesados poidan presentar as reclamacións que estimen oportunas. De non presentarse reclamacións entenderase definitivamente adoptado o acordo, procedéndose á publicación íntegra da devandita ordenanza.

Monterroso, 2 de agosto de 2012. O 1º Tte alcalde por delegación (Decreto 13/07/12). Asdo: José Antonio Rodríguez Guerra

R.3445

---

# ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA

## JUZGADO DE LOS SOCIAL Nº 003 A CORUÑA

*Anuncio*

D. JUAN REY PITA, SECRETARIO DE LO SOCIAL NÚMERO 003 DE A CORUÑA.

**HAGO SABER**: Que por providencia dictada en el día de la fecha, en el proceso seguido a instancia de MUTUA GALLEGA DE ACCIDENTES DE TRABAJO contra MARÍA ELVIRA MONTAÑA ESTEVEZ, EXMINESA, INSTITUTO NACIONAL DE LA SEGURIDAD SOCIAL INSS, TESORERÍA GENERAL DE LA SEGURIDAD SOCIAL T.G.S.S., en reclamación por SEGURIDAD SOCIA, registrado con el nº 0000173/2010 se ha acordado citar a **EXMINESA**, con domicilio en **Rubiales s/n – Pedrafita do Cebreiro (Lugo**), a fin de que comparezca el día **18 de diciembre de 2012, a las 10.50 horas**, para la celebración de los actos de conciliación y en su caso Juicio, que tendrán lugar en la Sala de Vistas de este Juzgado de lo Social número 003 sito en C/MONFORTE S/N debiendo comparecer personalmente o mediante persona legalmente apoderada, y con todos los medios de prueba de que intente valerse, con la advertencia de que es **única convocatoria** y que dichos actos no se suspenderán por falta injustificada de asistencia, y **rendir confesión judicial** en el mismo acto, pudiéndole tener por confeso en caso de incomparecencia; requiriéndole asimismo, para que a dicho acto aporte la documental interesada en demanda.

Se le hace saber que la copia de la demanda se encuentra a su disposición en la Secretaría de este Juzgado.

Se advierte al destinatario que las siguientes comunicaciones se harán en los estrados de este Juzgado, salvo aquellas que expresamente exceptúa la Ley de Procedimiento Laboral.

Y para que sirva de citación a **EXMINESA**, se expide la presente cédula para su publicación en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo y colocación en el tablón de anuncios.

En A CORUÑA a 2 de mayo de 2012. **EL SECRETARIO JUDICIAL**.

R.1970

---

# MINISTERIO DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN Y MEDIO AMBIENTE

## CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DEL MIÑO-SIL. COMISARÍA DE AGUAS

*Anuncio*

Expediente: A/27/20744

De acuerdo con lo previsto en el artículo 116 del Reglamento de Dominio Público Hidráulico aprobado por Real decreto 849/1986 de 11 de abril (B.O.E. del día 30), se hace público, para general conocimiento, que por resolución de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, de fecha 2 de julio de 2012 y como resultado del expediente incoado al efecto, le ha sido otorgada a Celsa López Liz, la oportuna concesión para aprovechamiento de 0,232 l/s de agua procedente del pozo Baixo do Colado, del manantial Fonte da Costa y de la galería Carramonis sitos en la parcelas catastrales 201 y 242 del polígono 152 , en el lugar de Miñao, parroquia de San Martín de Piñeiro, T.M. de Lugo (Lugo) para usos domésticos, riego de 0,4666 ha y usos recreativos.

Lugo, 3 de agosto de 2012. EL JEFE DE SERVICIO.: Manuel Rodríguez López

R.3450

---

Signature Not Verified
Asinado por: BOLETIN OFICIAL DA PROVINCIA DE LUGO
Data: 10.08.2012 08:00:00 CEST
Razón:
Localización: España